


Sátira experiencial

Poesía Un poemario autorreferencial que descobre os animais da paisaxe interior, cotiá e urbana

**Tratado de zooloxía
para corazóns
mancados ·
Raúl Gómez Patos ·
Positivas, 2009 ·
50 páx · 6 euros**



Casi lo inmediato // Tahiche Díaz

Cantas cousas pode ser un lobo? En *Tratado de zooloxía para corazóns mancados*, de Raúl Gómez Pato, “A fame é un lobo,/ A guerra é un lobo,/ A historia é un lobo,/ A pobreza é un lobo/ E o lobo,/ O lobo tamén é un lobo”. Son un lobo a morte, o desamor ou o desexo; pero tamén a ciencia, a riqueza... a ollada ou o estómago. E, finalmente, o lobo, “O lobo tamén é un home”.

Así mesmo, un bestiario ten maneiras e maneiras de se reescribir na literatura contemporánea, desde o *Manual de zooloxía fantástica* de Borges, pasando polos relatos de Miguel Anxo Murado en *Bestiario dos descontentos*, até a versión galega do *Libellus de natura animalium* realizada polo propio Gómez Pato, tradutor tamén (sempre en Positivas) da obra completa de Safo. Mais non se esperen evidencias ou pegadas profundas, correspondencias claras entre aquel traballo de tradución dun bestiario medieval e esta escrita poética. Os poemas encadéanse na fractura dos tópicos, partindo dunha voz que se encontra en símiles dispares e descobre animais na paisaxe (interior, cotiá e urbana): “Buscas a mirada que forneza a túa sombra,/ Morcego,/ De bar en bar,/ Como un suicida”; “Conservo nun caixón do noso armario/ Os cadáveres dunha curuxa e dunha salamántiga,/ Agardando a que podrezan”.

Vicios e virtudes ilustraban os bestiarios medievais mediante a descrición das condutas animais. E a historia parece indicar que o individuo se define xa non en contraposición a estas, senón con elas, negociando na fronteira besta/humano o corpo social e os seus monstros. Funciona, xa que logo, como espello o animal, e máscara, incluso no sentido de Bataille (desorde, horror e morte). Nunha viraxe cara a dentro, Gómez Pato vai mirando neste seu último libro cara á desorde do tempo, da morte e das feridas, e cisca refugallos: excrementos, depósitos inmundos, cranios de elefantes, residuos de papel hixiénico, ou pexegos podres, cheiros... Pero a vía escatolóxica non se esgota no poema autorreferencial, senón que resolve, desta vez coa tradición, o de escarnio: véxase o poeta como “afónico merlo” ou “león ferido desafiuzado”; véxase a amiga que ri “como a hiena confinada no zoolóxico”, ou o “aborrecíbel colega” a modo de corvo que gralla. É esta unha obra satírica de principio a fin, mais a vontade de

maldicir concéntrase na experiencia e non transcende o vivencial; vai do “eu” ao “ti”.

Precisamente o carácter introspectivo do poemario posibilita unha lectura desde o corte aberto na lírica contemporánea por poetas atentos ás marcas de xénero, como Antón Reixa ou os membros de Ronseltz. Neste sentido, resulta reveladora a exploración desa fronteira do orgánico que vai dar ao monstruoso na disección, inevitábel, da masculinidade. Pode, a esta luz, lerse o discurso como “tumor poético” que se lle asentou ao poeta “na parte inferior da ingua” e contar as pegadas do Lobo pola casa e pola pel: “Quen me saneará a roupa interior/ Cando a vellez me asolague,/ Sucia e tan chea de depósitos inmundos/ Que nin sequera os vermes son quen/ De sucar deles”. Pódense, tamén, rastrexar as cicatrices: “Quero insistir:/ Algún día, noutro tempo,/ Vin a esperanza brillar nos meus ollos,/ Mentres un fío de sangue/ Persegúa flegmática a navalla.” // **María López Suárez**